UNIVERSIDADE DE VIGO

**ASISTENTES**
Alonso Vega, María Flora
Álvarez González, Susana
Álvarez Moreira, José Ángel
Araujo Araujo, Pilar Aurora
Araujo Nespereira, Pedro Antonio
Area Carracedo, Iván Carlos
Arévalo Tomé, Raquel
Bernabeu Tello, Ana María
Blanco Sierra, Javier
Bolaño García, Sandra
Bravo Bosch, María José
Casal Lago, Fernando
Chapela López, Sergio
Cid Fernández, Xosé Manuel
Comesaña Benavides, José Antonio
Costa González, Alicia
Cruz González, Mª Montserrat
Cuiñas Gómez, Iñigo
Currás Valle, M.ª Consuelo
Davila Segade, Ruth
Doval Ruiz, María Isabel
Fernández Fdez., Federico A.
Fernández Fustes, M.ª Dolores
Fernández González, María
Fernández Rodicio, Clara Isabel
Fernández Simoes, Miguel
Fernández Souto, Ana Belén
Formella, Arno
Gándara Pérez, José Antonio
García Estévez, José Manuel
García García, Óscar
García Meijide, María Carmen
Garrote Velasco, Gil
Goicoechea Castaño, María Iciar
Gómez Clemente, Xosé Mª
Izquierdo Belmonte, Pablo
Lago Ferreiro, Alfonso
Lameiro Diéguez, M.ª de los Remedios
Lesmes Romero, Yolanda
Lima González, Estela
López Ardao, José Carlos
López Escobar, Juan José
Martínez Carballo, Elena
Mejuto Fernández, J. Carlos
Méndez Reboredo, José Ramón
Michinel Álvarez, Humberto Javier
Mociño González, María Isabel
Moure Rodríguez, Mª. José
Nóvoa Fernández, Yolanda
Otero Cerdeira, Lorena
Pardo Froján, Juan Enrique
Patiño Vilas, David
Paz Penín, Concepción
Pena Corbacho, Francisco
Peña Gallego, M.ª Ángeles
Pereira Lorenzo, Nemesio
Pérez Álvarez, María José
Pérez Cota, Manuel
Pérez Vázquez, M.ª Consuelo
Pita Carballo, José Luis
Porteiro Fresco, Jacobo
Prada Rodríguez, Julio
Reboiro Jato, Miguel
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel J.
Riobóo Lois, Alexo Breogán
Ríos Santomé, M.ª José
Rivas Conde, Filemón
Rivera Vázquez, Noelia M.ª
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Hernández, Cándido
Rodríguez Martínez, Fco. Javier
Rodríguez Míguez, Eva M.ª
Ruiz Hidalgo, M.ª del Carmen
Sáez Ocejo, José Luis
Siota Álvarez, Mónica
Soto González, M.ª Mercedes

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 12 de xullo de 2023, convocada ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no paraninfo da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións: letra M.

Ás 10:00 h do día **12 de xullo de 2023** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 18 de abril de 2023.
2. Informe do reitor.
3. Informe do desenvolvemento anual do goberno.
4. Informe sobre o aforro enerxético.
5. Normativa de funcionamento da Comisión de Estatutos.
6. Elección de membros da Comisión de Estatutos:
   - 15 representantes elixidos polo sector do Claustro do PDI-A.
   - 5 representantes elixidos polo sector do Claustro do PDI-B.
   - 10 representantes elixidos polo sector do Claustro do estudantado.
   - 5 representantes elixidos polo sector do Claustro do PAS.
7. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os recoñecementos docentes na bolsa de horas dos centros: 1 PAS.
8. Elección, entre todos os membros da comunidades universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao «Manual de boas prácticas»: 3 estudantes.
9. Elección de representante no consello de goberno: 1 decano/a ou director/a de centro ou departamento.
10. Elección de membros nos consellos de campus. Pontevedra: 2 estudantes. Ourense: 2 estudantes.
11. Quenda de intervencións.

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 18 abril de 2023.**

O reitor propón que se aprobe por asentimento, dado que non se presentaron alegacións.

<u>Apróbase a acta por asentimento.</u>

Teijeira Bautista, Marta
Torres Romay, Emma
Valderrama Santomé, Mónica
Velasco Graña, M.ª Rita
Vidal Vázquez, Iván Manuel
Villanueva Villar, Mónica
**DESCULPAN A SÚA AUSENCIA**
Abelleira Acebedo, Pablo
Alberte Pivida, Rodrigo
Alonso Prieto, Elena
Alonso Vega, María Flora
Álvarez Álvarez, María Salomé
Blanco Fernández, Yolanda
Bringas López, Ana
Caamaño Martínez, J. Carlos
Caeiro Rodríguez, Manuel
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
Diz Folgar, Manuel
Fariña Rivera, Francisca
Gallardo Medina, Mercedes
Garza Gil, Mª Dolores
Hervés Estévez, Javier
López Mira, Álvaro Xosé
López Rubianes, Lucrecia M.ª
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Losada Barreiro, Sonia
Mangana Molina, Ana
Martínez Arribas, Fernando
Martínez Piñeiro, Manuel
Montero Reguera, José Francisco
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Pérez Juste, Ignacio
Río Otero, Coral Del
Rivas Ferreiro, Mauro
Rodríguez Daponte, M.ª Rocío
Rodríguez Domínguez, M.ª del Mar
Seijas Montero, María
Solla Carracelas, María Mercedes
Vaquero García, Alberto
Vázquez Otero, M.ª Elsa
Vázquez Vicente, Xosé H

## 2. Informe do reitor

O reitor informa do seguinte:

• Cambios no equipo de goberno: por mor da entrada en vigor da LOSU, desdóbrase a Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado, ocupada por Alfonso Lago, en dúas:
- Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica, ocupada por Patricia Valcárcel Fernández.
- Vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente, ocupada por Alfonso Lago Ferreiro.

Desaparece a Vicerreitoría de Relacións coa Empresa, co máximo agradecemento por parte do reitor para a persoa que a ocupou, que pasa a ocupar as funcións a Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación xunto á Xerencia e ás vicerreitorías de campus.
- Na dirección da EIDO, nomeouse a Antonio Collazo Fernández.
- Secretaría Xeral: nomeouse a María José Bravo Bosch, que substitúe a Miguel A. Michinel Álvarez.
- Vicerreitoría do Campus de Ourense: nomeouse a Javier Rodríguez Rajo, que substitúe a Elena Rivo López.

• Athena: nesta convocatoria non acadamos éxito, haberá que facer algunha reformulación. Continuaremos traballando para a consolidación da Universidade Europea e presentaremos de novo a candidatura.

• Enfermaría: estamos mellorando a memoria, que esperamos poida pasar a aprobación no seguinte Consello Galego de Universidades. Solicitáronse datos adicionais sobre a localización e os medios humanos e materiais.

• Peoplenet: coa incorporación de novas persoas ao grupo de traballo, está a mellorar o funcionamento do novo programa. Logo indicaremos a previsión futura da implantación de máis funcionalidades.
O agradecemento do equipo reitoral ás persoas que levan traballando para mellorar o funcionamento do programa, pola inquedanza que provoca un novo programa.

• Institutos universitarios: seguimos avanzando na creación de Institutos universitarios, xa temos dous:
- Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais, que xa ten logo.
- Instituto de Agroecoloxía e Alimentación.

Está á espera, porque vai un pouco máis atrasado, o Instituto de Xustiza e Xénero, tras a aprobación nos órganos de goberno da Universidade.
Queda para o ano que vén o relativo á lingua.

• Apertura conxunta das tres universidades: o día 8 de setembro (que será un día non lectivo por coincidir coa apertura conxunta do curso) organizarase o acto de apertura na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo, coa lección maxistral de Yolanda Herranz Pascual.

Seguiremos a tradición e pecharemos os centros, agás aqueles que manifesten a necesidade de abrir.

• Proxectos internacionais concedidos en 2023: seguimos cunha boa captación de proxectos europeos. Un total de subvencións concedidas de 11.499.538,71 euros. Oito destes proxectos coordinados pola Universidade de Vigo, o que dá conta de que os nosos investigadores/as teñen moita calidade e están a ocupar o espazo que lles corresponde.

• Tamén en proxectos internacionais no ámbito da educación, temos varios presentados e en elaboración. Isto forma parte da vitalidade da nosa institución.

• Procesos selectivos de PDI, curso académico 2022/2023
PDI FIXO - Resoltos: 24 contratado doutor, 31 catedrático de universidade, 27 titular de universidade, 8 catedrático de universidade, 48 titular de universidade. En proceso de resolución: 36 prazas CU, 33 TU, 25 CD. PDI TEMPORAL - Resoltos: 21 AD, 7 AD, 1 Profesor asociado ciencias da saúde, 38 listaxes de agarda, 36 profesorado asociado, 5 listaxes de agarda, 7 profesorado asociado. En proceso de resolución: 2 axudante doutor.

• Procesos selectivos de PDI, curso académico 2023/2024
PDI FIXO - Aprobadas polo Consello de Goberno do 20 de xuño de 2023 e pendentes de iniciar proceso selectivo: 12 CU da OEP 2022, 12 TU da OPE 2022. PDI TEMPORAL: 32 prazas de AD. 47 de profesor asociado. 49 prazas de profesorado para listaxes de agarda. 2 prazas de ciencias da saúde.

• Procesos selectivos de PAS
PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN. CONCURSO EXCEPCIONAL: todos os procesos están desenvolvéndose con normalidade. Atópanse na fase de valoración dos méritos. O tribunal xa ten toda a documentación para os valorar.
CONCURSO-OPOSICIÓN. Publicouse a listaxe de admitidos e excluídos definitiva. Aínda non comezou o proceso de valoración dos méritos. O servizo de PAS está emitindo os certificados para envío aos interesados e aos tribunais. O Servizo de PAS ten en fase de envío ao DOG a composición dos tribunais.

• CONCURSO MÉRITOS PAS. Está asinado e publicado o acordo onde se recollen os criterios de cesamento. Está en fase de envío ao DOG polo Servizo de PAS a resolución de execución do concurso. Estanse ultimando os criterios que debe aplicar o Servizo de PAS para poder organizar debidamente a execución do concurso de méritos do PAS, así como para cubrir as posibles vacantes que se xeren na mesma data que se fixe para a incorporación aos novos destinos obtidos, ben mediante comisións de servizo ben mediante o nomeamento de persoal funcionario interino.

• Complementos retributivos pagados a PDI: en xuño pagáronse os últimos trienios recoñecidos. En xullo pagaranse os sexenios e posiblemente o complemento por excelencia curricular.

• Acción social: está pendente de convocar as dos anos 2020, 2021, 2022 e 2023. Unha vez feitas as consultas, no mes de setembro promoverase a convocatoria do ano 2020.

• Horas extras: o pagamento estase a facer consonte a disposición transitoria segunda do acordo de funcionarización, unha vez asinado á súa vez o acordo de interpretación entre a Xerencia e os órganos sindicais. Ata o de agora, quedaron excluídas do mencionado no punto anterior as horas extras realizadas polo persoal funcionarizado feitas fóra da xornada habitual de traballo de luns a venres, as cales, a partir da nova interpretación do acordo de funcionarización, serán tamén regularizadas e pagadas seguindo os criterios recollidos no devandito acordo de funcionarización.

UNIVERSIDADE DE VIGO

- Creación e modificación de centros e estruturas (será competencia do Consello de Goberno)

Intervén Remedios Lameiro Diéguez, PAS de xurídico empresarial, e pregunta polo programa SIGMA, que está afectando e moito, e fala tamén do programa Peoplenet. Nesta primeira matrícula está en castelán. O reitor comenta que existe un problema, aínda que foi un acerto elixir SIGMA. Semella que está a funcionar ben.

O reitor cédelle a palabra a Rita Velasco, quen pregunta polo pagamento das horas extraordinarias. A xerenta responde que estimaron a petición que realizaron e que se van pagar. Sobre o programa Peoplenet, moitas nóminas veñen con retención cero no IRPF. Temos que arranxar este tema porque as nóminas veñen moitas mal.

M.ª José Ríos fala tamén do programa SIGMA: a matrícula está mal deseñada e os coordinadores non poden ver a xente que está mal matriculada. En plenos prazos de matrícula, se o reitor nega o que está ocorrendo está disposta a darlle os seus nomes para que os escoite e arranxalo. M.ª José Ríos di que esta queixa é por un centro que ten moita preinscrición.

<u>Conclúe o informe do reitor ás 10:55 h.</u>

## 3. Informe do desenvolvemento anual do goberno

O reitor informa de que se creou un visor para que a cidadanía poida consultar os avances en cumprimento do programa de goberno, que estará pendurado no portal de transparencia.

O que presenta o reitor é un resumo, pero ademais vai presentar un cronograma.

A continuación mostra uns cadros sobre PDI, adaptación á LOSU. Dende o Ministerio dixeron que non tiñan coñecemento doutra universidade que publicase en aberto unha información tan completa.

Este ano solicitáronse todas as prazas de axudante doutor dispoñibles. Temos algunha restrición adicional, por mor da LOSU, de persoal non estable, do número de asociados, polo que se terá que incrementar o número de persoal consolidable. Análise de axudante doutor, antes con 240 horas e non 180 horas como é agora. A partir de 2037 haberá un pico de xubilacións forzosas, temos que prever... Plan incentivo xubilación; o recoñecemento dos docentes dous anos antes da xubilación, incorporación de persoal formado (TU, CU).

Promoción de profesor asociado a axudante doutor: foi un éxito absoluto. As persoas que pasaron que cumprían os requisitos e son fichaxes estratéxicas. Plan de estabilización de asociados, xa que a Universidade sempre cumpre coa legalidade vixente. Negociación cos representantes sindicais.

Contratación de axudantes doutores en áreas nas que non hai horas consolidables: esperamos que saian por xubilacións forzosas, xa que queremos chegar máis lonxe desde o ano 2021 que comezou esta medida.

Ordenación académica, centros e docencia: plan piloto para que as mulleres e os homes teñan a mesma produción científica despois de ser nais. Despois do parto teñen docencia cero e o ano posterior, docencia 50 %. Unha persoa de xénero masculino pediu acollerse a esta medida, pero

esta en concreto é para acadar a igualdade entre homes e mulleres.

Todo se acadou na mesa de negociación. Os contratos programa cos departamentos están aínda sen facer, temos que facer unha reunión conxunta. Convocatorias adicionais para axudante doutor.

Por outra banda, temos que falar da virtualización dos laboratorios, un 40 %, a migración a SIGMA; aínda nos queda bastante, son programas modernos nos que se poden facer moitas máis cousas. Temos un horizonte de esperanza.

Formación permanente: estamos moi satisfeitos co pulo que está a coller a formación permanente. Captación de alumnado de fóra, con cousas que se fixeron moi interesantes. Seguimos traballando na innovación docente.

Persoal investigador: no *ranking* QS vennos como unha universidade intensiva en investigación. Temos os centros de investigación xa recoñecidos, así como os institutos de investigación. Queremos darlle máis visibilidade á produción científica. Cando sexa posible quereríamos incrementar a produción científica; quero tamén explicar porque soamente deramos a metade ata o de agora da produción. Captación de talento internacional, faremos unha aposta clara pola ciencia aberta. Organizamos as primeiras Xornadas de Ciencia Aberta, coa CRUE. Nós estamos dende o primeiro día en COARA, e esperamos moito desta iniciativa europea. Mantéñense as axudas propias de investigadores.

Estamos comprometidos co selo europeo HRS4R. En canto á captación de talento de primeiro nivel, non está nada feito pero esperamos chegar a xuntar algún de nivel. Os trienios xa se acordaron na mesa de negociación.

En canto á creación dun corpo específico de xestión relacionado coa investigación e tamén de técnicos, aquí hai un debate que teremos que analizar e ver se algunha destas figuras pode asimilarse a PAS ou a PDI.

Medios/Xestión: posta en marcha de Dialnet, xa estamos moi avanzados. Renovación de infraestruturas técnicas; vai haber convocatoria para pedir equipamentos para moitas investigacións. Mellorar o funcionamento dos servizos, estamos niso.

Infraestruturas, sistemas Informáticos, Peoplenet e SIGMA, por riba do 50 %. Estamos traballando arreo co básico. WEB: estamos traballando nunha nova web. A wifi está ao 100 %, pero non significa que sexa de funcionamento.

Campus de Ourense: estamos moi esperanzados; o traballo que se fixo aquí foi excelente. O informe intermedio era bastante positivo, o que había que mudar xa se mudou, e dá as grazas pola xenerosidade para permitir a nova gobernanza do Campus Auga.

Infraestruturas do campus de Ourense: estase a traballar arreo nas necesidades.

Campus de Pontevedra: o Campus Crea fixo bastantes cousas este ano. O ano que vén moitas máis para poder presentar o Campus Crea.

Internacionalización: non imos tan avanzados como quereríamos, esperamos telo rematado en poucos meses.

Comunicación: podemos subliñar algunhas cousas, o plan director, e a organización do Congreso Eunis.

Extensión Universitaria: imos atrasados co tema do galego, o pulo á lingua e a cultura galega, a igualdade e a internacionalización. Plan piloto do galego: faremos a avaliación e despois seguramente un plan máis potente.

RSU, Transparencia e Bo Goberno, Benestar e Saúde integral, Equidade, Diversidade: imos poñer en marcha unha unidade de diversidade. A LOSU permite que as unidades de igualdade e diversidade estean xuntas ou separadas, será un tema da Comisión de Estatutos.

Planificación/Obras: co seu cronograma ata o ano 2026. Estamos traballando coas administracións públicas para, por exemplo, no Campus de Ourense ver se somos quen de ter un campus único, en vez de unido por unha pasarela.

O reitor cédelle a palabra a José Luis Pita, quen quere facer unha petición e unha reflexión. Aparecen na páxina web servizos de comedor e de autobús. Cando chegou a Pontevedra había un autobús, que desapareceu por temas da Xunta. Quere saber por que se suspendeu ese circular. Agora hai outro autobús que chega ata a Policía local. Quería saber se se pode poñer algún remedio. Os que chegan dende Vigo queren algún remedio. Cre que se necesita un autobús como o que se ten no campus de Vigo.

A outra petición ten que ver co servizo de comedor na Facultade de Ciencias Sociais e Comunicación e en Forestais, que non aparecen na páxina web e deberían aparecer. A maioría funciona moi ben, pero debería haber un servizo de vixilancia dos que fan servizo de comedor. Cando os usuarios/as baixan, os niveis da comida tamén baixan moito, con moita comida preparada.
A última referencia ten relación cos contratos que se fan con respecto ao servizo de limpeza. Cando se produza unha necesidade a maiores do servizo de limpeza, que se poida pedir de acordo con esa cláusula. No Servizo de Deportes, considerouse como almacén no contrato de limpeza e vén no contrato que soamente se limpe dúas veces ao ano. No vindeiro contrato podería establecerse unha cláusula que axude no caso dunha circunstancia extraordinaria.

O reitor responde que el mesmo, como peón, ten pedido o apoio municipal para o autobús. Tomamos nota para que haxa máis comida saudable e non preparada. En canto aos contratos coa empresa de limpeza, tamén tomamos nota, agás que haxa un acordo *bona fides*.

Alexo Breogán Riobóo Lois: quería intervir en representación do persoal investigador da Universidade de Vigo. Fálase do recoñecemento de persoal técnico de xestión, que queda para máis adiante, aínda que outras universidades xa teñen beneficios ou dereitos, como a da Coruña, e a de Santiago de Compostela. A lei hai que cumprila, hai moitas sentenzas sobre trienios etc. que tamén deberían cumprirse. Ou cando se está contratando a persoal investigador, con formación profesional, aínda que o seu traballo requira que teñan que ter grao ou mestrado. Outro tema é o das matrículas de predoutorais; moitas compañeiras que teñen axudas propias vense na obriga de ter que pagar a matrícula nesta universidade. Outras cuestións: todo o achacamos á carga de traballo, pero isto soluciónase contratando máis persoal. Algo específico e concreto, a Universidade de Vigo considerou que a acreditación de axudante doutor será considerada mérito preferente á hora de optar a unha praza (como outras 4 universidades españolas).

Entendemos que a acreditación externa é algo positivo, pero tampouco é xusto que non poidan concorrer en igualdade de condicións os nosos investigadores coa xente que tivo a sorte de defender antes a tese e, polo tanto, ter unha acreditación a axudante doutor. Convidamos o equipo reitoral para facer unha mesa de negociación aberta para incluso cambiar a súa posición. Fala tamén dos prezos elevados do comedor, mellores noutras universidades.

O reitor le o que viña no programa electoral. Non foi un incumprimento o da exención do pago predoutoral. Polo que se refire aos axudantes doutores, o reitor precisa que hai que ter seguridade xurídica e, dende o momento no que o Consello de Goberno acordou unha interpretación da lei, pensouse que neste ano se priorizase a quen ten acreditación fronte a quen non a teña, xa que ata o 12 de abril teña que ser acreditada a persoa. No propio Consello de Goberno anunciouse que este criterio xa non vai ser así; negociarase para poder chegar a un acordo no prazo dun ano.

Noelia Rivera: fala en primeiro lugar da ferramenta de Peoplenet. Leva traballando 4 meses con esta ferramenta. Tiveron unha reunión co reitor e a xerenta, como consecuencia dun escrito que enviaron como resposta a outro escrito que recibiran da Xerencia, no que parecía que non funcionaba por falta de preparación do persoal. A inoperatividade da ferramenta informática é o principal motivo do atranco que se ten. Este desenfoque de falta de formación preocúpalles, e moito, e está provocando moitas baixas médicas, coa consecuencia na saúde dos traballadores e traballadoras. Os resultados son malos, hai moitas queixas de usuarios/as, con falta de fiabilidade dos datos. Eles xa transmitiran que a formación non resolverá o problema, xa que os datos desde o comezo están mal metidos. Non dispoñen dos recursos necesarios, teñen sobrecarga de traballo, e incomprensión por parte da Xerencia. Neste meses estanse facendo cursos de formación. Non é un mal programa, pero si na carga inicial de datos e na súa implementación.
Por último, quería facer unha reflexión sobre o último ano do equipo de goberno. O resultado electoral do PAS deixa claro que hai falta de planificación nos procesos, tomas de decisión arbitrarias, falta de confianza no traballo do PAS e que a xente non vén a traballar contenta. O equipo de goberno está a desaproveitar a calidade do PAS. O PDI ten dereito a unha carreira estable, pero
o PAS ten un itinerario moi diferente. Os que son C1 están dous anos e medio despois esperando polo seu posto de traballo. Hai xente con postos de interinidade que seguen esperando a prevista modificación de RPT. Espera que o ano que vén a situación sexa moi diferente.
O reitor responde que Peoplenet se elixiu de xeito colaborativo, xa que o programa anterior non permitía certas modificacións. Está convencido de que Peoplenet é unha boa ferramenta, aínda que se tivo mala sorte coa instalación. O reitor lembra que gañaron no PAS. En canto á carreira estable do PAS, a maraña de recursos dificulta os avances nesta materia, pero é claro o compromiso do reitor coa carreira profesional do PAS. Repite o agradecemento do equipo de goberno coas persoas que traballan con Peoplenet. Déronse os pasos correctos e seguirán nesa dirección.

Rita Velasco Graña
Leva 20 anos na Universidade e cree que no informe anual non se nomeou o PAS. Fala dunha situación moi alarmante respecto á política de baixas na Universidade de Vigo. A xerenta dixera na anterior reunión que ían cubrirse as baixas e queren saber por que non están a cubrirse as baixas. Gustaríalle unha explicación da política de baixas.
Xubilacións: como se van cubrir?, Desde o primeiro momento ou tardarán meses?
Temos unha Unidade de Igualdade que traballa moi ben mentres desde a Xerencia se nega á adaptación de xornada, dicindo que o motivo é que a súa quenda é de tarde. Cando che negan a adaptación de xornada ten que vir motivada e queren saber por que se lle denegou. Adaptación de postos do PDI: adaptación de postos tamén parados, tampouco entenden os motivos.
Acción social do ano 2021 e 2022: queren saber os motivos de que aínda non saíse. Esta axuda é fundamental para os traballadores.

O teletraballo: moita xente do PAS está interesada en teletraballar.: tense que chegar a un acordo.
Captación do estudantado: hai uns meses houbo un problema cunha facultade, que non quixo atender os estudantes porque soamente eran un ou dous.

Edificio Redeiras: contaminación acústica. Queren que sexa espazo cultural, pero non mesturar servizos administrativos con espazos culturais.
Horarios 2023/2024: como quedou iso?
Prazas de estabilización: traballaron ben todos pero hai cousas que lle sorprenden. Parece ser que nun tema de prazas o persoal laboral cando asina, faino como funcionario; parece que foi un erro, pero non se entende.
Sistemas informáticos: o correo web, o manual do usuario/a está moi desfasado.
O transporte, VITRASA: o día 1 de xullo quedan soamente algunhas liñas. Ten que mellorar o servizo en xullo para non quedar sen as liñas 1 e 2.

O reitor dálle a palabra á xerenta: o tema de Peoplenet está encamiñado. Cando chegou a situación estaba moi complicada. Lamenta que se chegara a un alto nivel de estrés. O outro día, desde o Servicio de Retribucións comentoulle a xefa do servizo que está contenta co funcionamento do programa. Con respecto ao concurso de méritos, está resolto no primeiro semestre con respecto ás adxudicacións. Non está executado. Non ten o ánimo de restrinxir a contratación, o obxectivo é contratar onde sexa necesario. Estamos empeñados en dotar de recursos alí onde sexa necesario. Temos que buscar outros medios para que se poida conciliar nos postos non susceptibles de adaptación. O informe é incompleto para poder cubrir a xornada, como se cobre a praza na parte que queda sen cubrir? Non é tan sinxelo o proceso de adaptación. Acción social, expuxemos que comezaremos en setembro coa acción social do ano que vén. Ten claro que en ningunha empresa está só unha persoa á fronte dun cometido, está totalmente de acordo en que debe de ser doutra forma. No tema do teletraballo, aínda non recibiu ningunha resposta por parte da representación dos traballadores/as ao documento que se presentou por parte da Xerencia. Respecto das prazas de estabilización do ano 2018, o proceso de funcionarización afecta ás prazas e transfórmanse e teñen que tomar posesión, porque mudou o réxime xurídico. As xubilacións, hai que estudar a necesidade (onde se produce, como se produce) para tomar unha decisión.

O reitor fala do tema dos horarios, ningún vai pechar antes do que pecha agora. As clases rematarán ás 18.00 h pero non vai pechar o centro. Non é preciso negociar.

O reitor cédelle de novo a palabra a Rita Velasco. Política de baixas; na reunión dixera a xerenta que se consultaría coa dirección dos centros. Leva desde novembro a conserxaría de Toralla pechada, se aí non se cobre unha praza, cando soamente hai unha persoa, o centro quedará pechado. Como se pensan cubrir as vacacións do persoal coa política que temos de baixas? No Estatuto dos traballadores xa está recollida a política de adaptación de xornada. Na acción social, terase que contratar máis xente para o Servizo de Retribucións. A xerenta dixera que as prazas tiñan que saír como persoal laboral e despois asinan como persoal funcionario. Un pouco de respecto, a ver se adiantamos algo.

Iván Area
Debemos ser mais coidadosos. Na transparencia que se presentou en lingua galega, Cultura e Deportes, hai varias erratas que deben corrixirse, aínda que tamén noutras transparencias. Cando falou o reitor, como é posible que saquemos as prazas de axudante doutor o 10 de xullo? Porque se saen o 10 de xullo no Diario Oficial de Galicia, non hai 10 días naturais, cando é a previsión para termos resoltas as prazas. Hai tempo falárase para que as prazas saísen no mes de marzo. Nós estamos perdendo oportunidades. Insiste en que se faga un esforzo. Que se fagan medias dos últimos 3 anos. Tamén aproveita para facerlle unha pregunta á vicerreitora de Investigación: o incremento na partida de produción científica, cando ten previsto que se incorpore o restante da produción científica?
Outra pregunta: o 21 de marzo de 2022 saíu publicado un concurso de prazas de corpos docentes universitarios. Neste caso era de 31 prazas, tramitadas de forma conxunta, co problema de ter que esperar aos que no tempo van máis tarde. Non entende que ano tras ano se faga de forma conxunta,

e non vai falar da ausencia de recoller o criterio lingüístico. Para pasar de titular a catedrático hai que cubrir dous formularios, e mentres non se pecha o proceso o interesado aparece como pendente de posesión. O problema é que MUFACE deulle de baixa se en 10 días non resolvía un problema, por aparecer como pendente de posesión. Pide que se resolva. Por último fai outro recordatorio, a folla de servizos ten que estar en galego e non está, ten que resolverse.

O reitor responde que a produción científica a levaba unha persoa que está de baixa. A produción é un 20 % máis ca o ano anterior, pero ata que estea feita a avaliación non se pode pagar o resto. Por iso o mellor é que se faga a través do portal dunha forma directa. É obvio que canto antes se saquen as prazas mellor. En canto ao erro detectado como pendente de posesión, haberá que arranxalo canto antes.

Federico Fernández Fernández: gustaríalle que se falara do relevo xeracional do PAS, non soamente do PDI. Servizo de comedor: Escola de Enxeñaría Industrial, que sexan non soamente produtos imperecedoiros. Formación: facer fincapé na formación do persoal nas ferramentas, coa necesidade continua de analizar se cómpre facela máis extensa. E, finalmente, temos cada vez máis competencias dixitais, que se faga máis formación destas e da sinatura electrónica.

A xerenta responde que as competencias dixitais son moi importantes: imos facer máis cursos de formación, solventes, despois das queixas presentadas no primeiro curso de formación levado a cabo. Farase unha detección de necesidades para preparar o programa de formación cara ao vindeiro ano.

Miguel Fernández Simoes: representa o Consello de Estudantes. Fala das obras que se fixeron e detecta unha necesidade na Facultade de Belas Artes. Non ten illamento térmico, con zonas inhabilitadas por contaminación química, e consideran que debería tratarse o antes posible. Unha cuberta en Industriais, unha humanización con enxeñaría de Minas, queren saber se vai cumprirse. A apertura de espazos debería reservarse en horario de vacacións etc. para proxectos dos/as estudantes. Os prezos das cafetarías están a subir considerablemente e non vai ben para o estudantado. Quere salientar a representación estudantil nos centros de concerto, pero non teñen espazos para os/a estudantes en enfermaría (en centros adscritos). Os servizos intercampus, o transporte entre Vigo e Pontevedra, nas vacacións do verán suspéndense; a ver se pode haber un transporte con certa fluidez. Por último, pide que os axustes de horario sexan o máis pactados posible para que se minimice o impacto no estudantado.

O reitor responde que nos espazos se pode mirar algunha proposta razoable. Os prezos da cafetaría e reprografía son elevados, vaise ver como se pode solucionar. Para os/as estudantes de enfermaría, e para os centros adscritos, poderíase ver a modificación dos convenios, e chámalle a atención que non teñan un espazo para os estudantado.
En canto á web, está en marcha unha remodelación completa da web e sería bo, para ter máis visibilidade, ter unha ficha de cada investigador e ter unha accesibilidade semellante na web para todos os títulos, ou sexa, unificar a navegación para os diferentes títulos. No que se refire ao problema do transporte, é difícil pero vai analizar o tema.
